

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO MASTER EN FINANZAS

REQUISITOS XERAIS

1. Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

Dende o ano 2002 implantouse na Universidad de Vigo o Título Propio de Master En Dirección y Gestión Financiera de Empresas, que foi o antecesor do título oficial de Master en Finanzas implantado o curso 2010/2011. Esta longa evolución e a alta demanda de alumnos xustifica o interese socio-económico para a comunidade autónoma. Durante todos estes anos formáronse profesionais altamente cualificados que puideron traballar incorporándose a postos de responsabilidade en empresas ou en entidades financeiras. Precisamente, que na contorna de Vigo esté establecido a maior parte de entramado empresarial galego, xustifica a elevada demanda de profesionais neste ámbito e este Master ven a cubrir esta oferta formativa.

1.1. Estudo sobre a incidencia e beneficios xerais e económicos derivados da nova ensinanza (xustificación da oportunidade da titulación)

Coa modificación de memoria proposta, tentábase manter o equilibrio entre a incorporación e modificacións propostas no derradeiro proceso de acreditación coa tradición e bos resultados obtidos polo master nos cursos anteriores. A adaptación das prácticas en empresa a realidade actual e a maior implantación do teletraballo, unido as recomendacións da acreditación aconsellan unificar as prácticas da empresa nunha única materia e potenciar as horas lectivas en outras materias para mellorar a formación do alumnado. As novas normativas da Universidade en materia de avaliación tamén son incorporadas, así como a adecuación das competencias as necesidades formativas e a demanda dos empregadores.

1.2. Carácter esencial ou estratéxico: resposta a necesidades prácticas e científicas do SUG

O carácter dinámico das empresas no sur de Galicia converte ao Master en Finanzas nunha oferta formativa esencial para dotar o mercado de profesionais cunha elevada cualificación técnica que contribúan mellor xestión das empresas, e tamén en empresas de asesoramento ou entidades financeiras.

1.3. Equilibrio territorial do SUG: xustificación do campus elixido para a implantación da ensinanza coa súa especialidade

O Campus de Vigo adoita se-lo idóneo tendo en conta a existencia da Facultade de Económicas e Empresariais que dota de profesores a este master ademais de outros profesionais implicados na docencia. Tamén a provincia de Pontevedra concentra a maior parte do tecido empresarial galego. O grado de internacionalización tamén é importante o alumnado de procedencia doutras zonas de Galicia e estranxeira (fundamentalmente de Sur América) e o alumnado egresado que leva xa un tempo traballando e decide ampliar a súa formación. A posibilidade de realización de práctica en empresas tamén é máis doada polo elevado número de empresas concnradas na zona.

A maior parte dos alumnos ó finaliza-lo master atopan oportunidades laborais nesta contorna.

2. Mercado laboral

2.1. Estudo das necesidades do mercado laboral en relación coa titulación proposta

Dado que se trata soamente dunha modificación de memoria e non dun título de nova implantación, enténdese que as necesidades do mercado laboral en relación coa titulación quedan claramente xustificadas tras máis de 10 anos de docencia exitosa. Prevese un crecemento substancial do teletraballo e do alumnado que compaxina traballo e estudo do Master, e as prácticas en empresa contemplan esta posibilidade, ademais do traballo autónomo, feitos que se recollen na modificación da memoria nas materias de prácticas en empresa e Traballo de Fin de Master

2.2. Incorporación de perfís profesionais no título vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia

Dado que se trata soamente dunha modificación de memoria e non dun título de nova implantación, enténdese que a incorporación de perfís profesionais no título vinculados aos sectores estratéxicos de Galiza xa está plenamente xustificada. Tras máis de 10 anos de docencia exitosa a media de incorporación laboral do alumnado é importante, e unha porcentaxe significativa de alumnos compaxinan activade laboral ou profesional co estudo do Master.

2.3. Medidas previstas para o fomento do espírito emprendedor e o autoemprego das persoa tituladas

A formación impartida capacita os alumnos para poder emprender realizando estudos de viabilidades completos que garantan a viabilidade do negocio. No plano de estudos hai materias concretas de Viabilidade de proxectos e a amioría dos alumnos realizan no seu Traballo de Fin de Master un plan de viabilidade para a creación dunha nova empresa. Tamén poden colaborar con outros emprendedores que non teñan este tipo de formación para realiza-lo plan de viabilidade do seu negocio.

3. Demanda

3.1. Previsións de matrícula tendo en conta a análise da demanda real dos estudos propostos por parte de potenciais estudantes e da sociedade

Facendo un estudo do alumnado matriculado nos máis de 10 anos de docencia do mestrado, prevese que o número de alumnado matriculado estea ente os 20 e 30 por curso.

Matrícula años anteriores:

Curso 2010/2011: 29

Curso 2011/2012: 28

Curso 2012/2013: 28

Curso 2013/2014: 39
Curso 2014/2015: 33
Curso 2015/2016: 35
Curso 2016/2017: 34
Curso 2017/2018: 35
Curso 2018/2019: 35
Curso 2019/2020: 29

Entre os alumnos podemos distinguir tres grupos diferenciados: egresados sin experiencia profesional previa, profesionais en activo que queren incrementar formación e alumnos extranxeiros (preferentemente de países de Sudamerica). Enténdese que a demanda deste perfil especializado manterase no tempo.

3.2. Descrición de medidas previstas para a revisión da titulación motivada por cambios na demanda

De producirse cambios significativos na demanda, a Comisión Académica do Mestrado adoitaría as medidas que considerase oportunas en función dos factores que se entenda que orixinan os cambios na demanda. Tendo tamén en conta a opinión dos empregadores que colaboran co Master ofertando prácticas en empresas, e a dos propios alumnos do Master das derradeiras promocións.

4. Non duplicidade

4.1. Mención de ensinanzas afíns preexistentes nesta universidade

As ensinanzas que se poden considerar afíns, aparte deste propio mestrado, son:

Máster en Dirección de Pymes

Máster en Comercio Internacional

Máster en Administración integrada de de empresas y responsabilidad social corporativa

Máster en Economía

Máster en Gestión del desarrollo sostenible

Máster en Auditoría y Contabilidad

Máster en Turismo

4.2. Acreditación de non coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes (coincidencia máxima do 50% dos créditos)

Dado que se trata soamente dunha modificación de memoria e non dun título de nova implantación, e que os contidos do plan de estudos non se modifican substancialmente, enténdese que se segue a cumprir a non coincidencia de obxectivos.

5. Outros

5.1. Planificación da conexión das titulacións de grao, máster e doutoramento

A conexión coas titulacións de grao faise a través do perfil de ingreso. Para asimilar os contidos e acadar as competencias do mestrado garántese que o alumnado parte das competencias previas axeitadas. O perfil de ingreso do alumno orientado a este Master é o licenciado ou graduado de las titulacions de Economía, Administración e Dirección de Empresas, Comercio, Dereito e Enxeñería. En xeral a titulados que tiveran na sua formación materias relacionadas coa xestión económica ou empresarial

Debido o carácter profesional deste Master, non se prevé planificación para a conexión do mestrado con titulacións de doutoramento.

5.2. Coherencia da titulación proposta co Plan Estratéxico da universidade proponente

O Master en Finanzas é un complemento específico na formación dos egresados nas Facultades de Económicas de Vigo ou Administración de empresas e Turismo de Ourense. Estas Facultades aportan un gran número de alumnos a Universidade de Vigo, que aposta decididamente polas titulación no ámbito xurídico social. Os máis de 10 anos de existencia son proba da súa sustentabilidade económica e oferta formativa consolidada.

5.3. Innovación docente e investigadora: fomento da utilización de TIC e novas tecnoloxías

O mestrado prevé trala modificación da memoria seguir traballando, coma dende hai varios anos, sacando o máximo proveito da plataforma Faitic de Teledocencia. Dende esta plataforma fanse traballos, entrégase a documentación, realízanse exames, etc. Todo o profesorado usa estas tecnoloxías, Ademais, neste curso se implantou a teledocencia no contorno do campus remoto virtual.

5.4. Incardinación en redes internacionais de calidade

5.5. Calquera outra motivación

REQUISITOS ESPECÍFICOS QUE SE DEBEN XUSTIFICAR: MÁSTER

1. Acreditación do cumprimento de polo menos tres requisitos dos previstos no artigo 5.2 do Decreto 222/2011.

O Master cumpre cos seguintes requisitos:

- Ter unha orientación laboral ou práctica:

Unha parte significativa dos alumnos xa está traballando e cursa este Master para mellor-la súa formación ou promocionarse na súa empresa. Os alumnos non empregados adquiren competencias que lles permiten, xunto coa experiencia adquirida nas prácticas, incorporarse as empresas en postos especializados relacionados coas competencias adquiridas no Master.

- Xustificar o apoio e colaboración de empresas e institucións do ámbito socioeconómico e ter garantidas ás prácticas do alumnado se están establecidas na memoria:

Os alumnos realizan prácticas en empresas do entorno en postos relacionados coas competencias do master e supervisados por tutores nas empresas. Moitas das prácticas deste derradeiro curso realizáronse na modalidade de teletraballo dende os seus domicilios. Neste último curso académico as empresas que ofertaron prácticas e colaboraron con Master foron:

- ✓ ACM farma
- ✓ Componentes Galicia
- ✓ Aimen
- ✓ Bieron Agudelo
- ✓ Sogarpo

- ✓ Valle Ubeira Ceconsulting
- ✓ Iberaval
- ✓ Krypteia
- ✓ Inprosec remote consulting
- ✓ Audita auditec
- ✓ Quality air solution
- ✓ Airvento
- ✓ Nuñez Vigo
- ✓ Audita auditec
- ✓ Infi Consultores
- ✓ Abanca
- ✓ Family and business investments
- ✓ LMN Luca auditores
- ✓ Valle CE asesoria
- ✓ ACM Farma
- ✓ Hotusa Citadel
- ✓ Krack
- ✓ Seyma
- ✓ Iberconsa
- ✓ Xestiga

- Cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral,

Os titulados en Administración de Empresas ven sendo un dos perfís profesionais mais demandados nos estudos de empregabilidade. O perfil especializado da formación do master vinculado coa posibilidade de adquirir experiencia profesional nas prácticas en empresas potencia a empregabilidade en postos de traballo de maior cualificación e proxección, tanto no ámbito de empresas, asesorías e consultorías e institucións financeiras.

- Ter carácter internacional.

O Master non ten carácter internacional, pero nos últimos cursos aumentou a demanda por parte de estudantes extranxeiros (preferente de países sudamericanos) que desexan ter formación especializada e tentar incorporarse o mercado laboral español

2. Xustificación da previsión mínima de 20 alumnos/as de novo ingreso

En función do alumnado matriculado nos máis de 10 anos de docencia do mestrado, no que a media de alumnado matriculado foi superior aos 20 por curso tal como se indicou en 3.1 e que nunca neste tempo se deixou de impartir por falta de alumnado, enténdese que a previsión mínima de 20 alumnos/as está garantida.